

AS VIVENDAS

O plantexamento xeral no que respecta ás vivendas artíclase arredor da creación de vivenda de calidade por riba da cantidade. As rehabilitacións son respectuosas co existente, alixeirando o tecido do barrio da Tinería para non comprometer a espacialidade nin a habitabilidade das vivendas. Pola súa banda, as vivendas de nova construción buscan a calidade espacial a través da utilización de tipoloxías e materiais acordes á nosa época e ao lugar. Tamén se ten en conta a relación cos edificios lindeiros en termos de escala, aliñacións e alturas. Trátase non só de facer vivendas de calidade, máis tamén de non prexudicar ás que xa estaban alí. Deste xeito, o número de vivendas total, sumando as rehabilitadas e as de nova planta é de 15.

Rúa Miño 19 e 21

Reforzando a idea de continuidade, a rehabilitación da Rúa Miño 21 plantexase cunha planta baixa permeable, a partir da cal se pode acceder ao Pazo de Dona Urraca. Para resolver a conexión entre esta construción e o Pazo, propónse un patio, un baleiro que achegue iluminación, ventilación natural e salubridade ás vivendas, calidades das que actualmente carecen. Do mesmo xeito, plantexase a eliminación do último nivel actual, ao atoparse fora da normativa urbanística vixente. En canto á distribución interior, propónse un núcleo central común de comunicación ao que se accede dende a Rúa Miño e que leva ás dúas vivendas (V1 e V2) nas plantas superiores. As vivendas contan cun núcleo de servizos no centro da planta, liberando as dúas fachadas para as salas de estar e dormitorios. Asemade, aproveitase a altura dispoñible no baixo cuberta para ubicar os rochos.


Para a rehabilitación de Miño 19 segue un esquema similar, pero con pequenas variacións. Trátase dunha construción cunha cruía extremadamente alargada (24 m) e un ancho de escasos 5 m. Este feito imposibilita propoñer vivendas pasantes sen proceder á apertura de patios. Así, a proposta opta pola apertura dun patio de 4 m que chega ata planta baixa, dividindo a edificación en dúas vivendas (V3 e V4), unha cara a Rúa do Miño e outra cara a Praza de Dona Urraca. Deste xeito, cada unha delas conta con 4 plantas (Baixa, 1, 2 e Baixo Cuberta), desenrolándose entorno a unha escaleira que ascende pegada ao muro medianoeiro.

Rúa Falcón 16 e 18

Propónse nestas dúas construcións tradicionais e ubicación de dúas vivendas (V5 e V6), distribuíndose no seu interior dun xeito similar. Así, sitúase ao fondos destas preexistencias un núcleo de servizos que inclúe baño, cociña e escaleiras en planta baixa, e o rocho en planta primeira. De este modo, libéranse os frontes á Rúa Falcón e Rúa do Moucho para situar estar en planta baixa e dous dormitorios en planta primeira. Decídese non aumentar a escala destas edificacións (soamente o mínimo normativo imprescindible en Falcón 18) de modo que a relación de escala coa muralla non sexa crítica e as construcións medren a medida se afastan desta.


Vivendas novas

Para situar as novas vivendas decídese ocupar o espazo dispoñible sobre a Rúa Falcón. Para iso, tórnase a parcela dispoñible, liberada en parte pola futura demolición dunha construción existente de planta baixa e tres niveis. Para formular estas vivendas téñense en conta, en primeiro lugar, as condicións topográficas entre os dous extremos da parcela, cun desnível aproximado de tres metros entre o acceso nordeste e o suroeste. Para conectar esas cotas propónse un núcleo de comunicacións compartido, pasante e accesible desde ambos niveis. Este núcleo tamén divide a edificación en dous bloques (E1 e E2), o que lle permite adaptarse mellor á forma da parcela e xerar máis metros de fachada, favorecendo as ventilacións cruzadas e mellorando as condicións de iluminación. Por outra banda, considéranse a aliñación e as alturas dos edificios próximos, de modo que a nova construción se insira no entorno dun xeito harmonioso. Por último, no referente ás alturas, propónse un edificio escalonado nun dos seus bloques, resolvendo así o desnível existente e reducindo a escala na proximidade da muralla.



Planta Xeral (+449,50)

e: 1/200



Sección Xeral

e: 1/200

